


Núm. 6

Tomo 6.º

nóis





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidos, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Elegía do espírito enfermo, por ROBERTO BLANCO TORRES.

Pesídelos, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Catálogo dos Castros Galegos polo SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS.

Ilustracións das Industrias Lúicas da Guardia, por MANUEL F. COSTAS.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES DISCOS

AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Setembro do 1929



Núm. 69

Elegía do espírito enfermo

O sentido común do istinto sabe
abrir a roita, refugir o erro;
no mecanismo universal das cousas
é un resorte integrante teológico,
e non busca a verdade; éa il mesmo.

Esto dixo Dionisos. Noite escura
as súas verbas auguraban. Sombras.
Apolo, baixo arcano alento, estende
o seu domiño ó longo das edades,
e xurden o dereito, a ciencia, a arte.

Mais, ¿onde está a verdade?... ¿É onde
[o home]
señor da Terra e o Mundo, dono da alma
de Deus image, ou, como il mesmo, Deus?

¿É a verdade o mal, a guerra inícuca,
a tiranía, a servidume, o crime?...

O sentido común da ciencia iñora
—verdade ó fin no devir plasmada—
o camiño singelo, a norma fija.
Na balumba apolínea, o home cae
na enfermidade do espírito en si mesmo.

¿Tiña razón o prisco Dionisos?
¿Tiña razón tamén o novo Nietzsche?
No misterio outogénico dos xérmolos
frolescentes, quizá mais outa vida
se forjase, no amor e na verdade,
coa enerxía prima dos istintos,
callada no valor do superhome.

ROBERTO BLANCO TORRES

Do libro que ten no prelo NÓS «Orballo da media noite».



P E S A D E L O S

Os grandes penedos da touticeira non seguían as sazóns das colleitas, a galiña fuxida c'a derradeira estrela pra descubrir continentes novos alén do tanque de lavar as táboas, algunhas de cadaiteiro podre, do piso da sala sempre chea d'un aire acugulado en camiño de se solidificare e tan desemeillante do aire de fora qu'iste batía n'il com'o mar no cón, o libro de Teoloxía anotado pol-o dente do rato erudito, calvo e friorento e pol-a tinta d'un frade que tivo o probe a ilusión de saber a data esauta da creación do home, o redondel de viño deixado no linoleum da mesa por un segredario d'Auntamento que xa fuxiu do tempo en que estivo cincuenta e cinco anos enquistado e agora debe refrescarse nas prayas tolas d'outro tempo, a cortiza enrugada da vella Prisca que tamén l'arde a cabeza teimando armonizar o tema cropolóxico das cousas que se debaten baixo o seu probe treito de colmo onde a galiña pón un ovo que non obedeceu o mesmo ritmo do que seguía o ovo do monstro antediluviano atopado pol-os eisproradores nos desertos d'Asia central, o tempo de todas as cousas fuxindo ou cristalizado en aparencia enganosa, hastra o mesmo tempo da sensación e do xuício sintético a priori, todos eles beilaban unha salagarda endiañada na testa do fidalgo do pazo qu'estudara malamente a Lóxica fundamental con Porco Triste e hastra o terceiro inverno de viudeza se non decatara de ren e bebía o viño branco na mañán artificial de neve c'a ilusión de qu'a serra dos Picos e a saya remendada da criada obedecían á folia do calendario. O abade da parroquia non lle daba apenas importancia ó caso que nin estaba prevenido no libro do Papa Bieito XV *olón* car-

deal Próspero Lambertini nin facía mal a ninguén e hastra afastaba ó señor de cair en noxento concubinato c'a moza do caseiro que tiña un carrolo coor de mel e de pulpa de froita. En troques o sobriño creguño novo criado en Comillas ficara tan espaventado que lle tremaban as mans ollando pr'o reló i-esgazou un grabado do libro antigo onde se representaba un Cronos barbado de néboas tan sadisfeito e olímpico. O fidalgo xa non collía o sono nin comía ás horas nin tiña fé na data dos prorrateos. Somentes o señor Bráis da Millarada qu'andivera moito mundo a pé e non tiña medo á noite sentía un maor gosto na compañía do fidalgo, e xuntos debían dicir tales cousas qu'as ponlas do souto facían crá, crá, e o pico verde voaba curioso encol d'eles disposto a se ile prantar no homebreiro d'un como facía o corvo c'o Santo Bieito nos antigos tempos seguros. O Fidalgo fuxiu dos paxaros e contoulle ó seu compadre Bráis que fora pol-o medo que lle diran os corvos do craustro da Sé de Lisboa. Il xa home maduro gastava a noite nos *becos* escuros recendentes a marisco e pel de negra do barrio alto da cibdade e fora á Catedral como un turista certo en crasificar o tempo d'unha arquitectura, mais aqueles corvos todos calvos achegándose a il con paso de mestres desenganados e sorridentes d'ironía e sabencia do demo, díronlle tal medo que ó saír apalpabase pra se convencere de non ter morto. Eran mais vellos qu'il, mais vellos que todol-os seus parentes fotografiados e miniaturizados baixo vidros de cemiterio nos gabinetes do seu pazo, fondos, sombrizos como buzos pol-o verdecer de mar de naufraxio dos grandes buxos e pol-a presen-

cia dos bordados representando as primeiras cotorras traguidas das Illas pol-os prantadores de caña, contemporáneos do terremoto que sentiu Goethe de neno e foi comentado pol-os doutores de Ispahansentados a redonda no patio de oasis das mezquitas, contemporáneos das *Cartas persas* de Montesquieu, e dos reises portugueses que fan disfrazados ás novenas pra s'adicar ó pracer da palpa, do pelourinho ergueito pol-o Marqués de Pombal, continoadores da leenda do San Vicente primeiro conselador con prova cristiá das augas despeitadas en trenzas de sargazos de seréas do Promontorio Sacro. Alí o fidalgo tivo unha crúa iluminación no fondo da yalma; e a súa luz ollaba como quizais o mundo é somentes unha tráxica coincidencia de tempos de difrente esenza que seguen paralelas un instante cuáseque sempre diverxentes, camiños qu'eles mesmos van creando no caos, non no caos anterior sinón no seguinte, no mais misterioso que sempre se pon didiante coma noite pra quen marcha car'o oriente mais axiña qu'o sol. Dende entón o fidalgo cazador tivo mais respecto ós animás pois non eran soilo os corvos educados nas Humanidás sinón as carpas dos estanques de Fontainebleau afeitas á voz romorosa d'arboredos da Illa de Francia e o novo labio do francés, labio de viño e seixo, e as tortugas do Pacífico cuíños anos teñen a mesma dura qu'o movemento de traslación de Neptuno, e cantan a mocidade por edades xeolóxicas... O fidalgo n'aquil inverno xa procuraba unha cispricación na filosofía e na ciencia pura e non tiña confianza nas bases do seu vivir. Nin na paisaxe, nin'a carne de Porco, nin nas oracións pol-as ánimas do Purgatorio. O comenzo foi unha bacanal disforme e un sentimento de como todo fuxía espertando un vento que lle levaba os cabelos brancos e rexos de fidalgo cazador e lle atizaba nos ollos fogos d'ansiedade e lle engarabitaba as mans procurando o agarradelo d'un cordaxe seguro n'aquil Maelstrom cósmico. Había instantes de volutuosidade como cando na noite s'afundía nos filósofos. Descartes, que noxo, un probe tolo vítima da ilusión da estabilidade. De Kant hastra o nome lle facía mal, chamáballe reloxeiro da intelixenza, compara-

ba o c'o sabio que olla o sistnómetro no momento en que s'esborallan a casa, os cotos, e todol-os aparatos do ouservatorio sinalaban azorados cifras e datas de agunia. Contodo non era agunia, era vivir d'un heroísmo superior quizais ás posibilidades humáns, un licor desmariado forte pr'as gorxas afeitas á auga e ós viños brandos e vexetales. O tempo, única dimensión. Mais esta palabra dimensión era da estética, é dicir, da morte. Mais que dimensión sería vida tráxica, traxedia que nin acertaron a sospeitar os gregos nin o tráxico cotidián. Na noite de Santos figuraba precipitarse o ritmo dos tempos, tan aixiña fuxían os arboredos—descontada a ilusión das follas do olmo arrincadas e falseiramente provistas d'un vivir scherzante de pequenas naos de fadas no estanque verde—tan aixiña se apretuxaba o feldespato c'o seixo e ca mica luar dos penedos que o fidalgo coidou chegada a hora derradeira na que todo ser levado pol-o crescendo da fuxida perdera hastra a mais pequena aparencia de figura e forma. O latexar do curazón chamaba a alarma. Entón o fidalgo lembrouse do vello violín prestixioso e foi a procuralo no coarto onde parecía durmir—il tamén escravo do tempo musical—e c'a man tremerosa espallou na noite as primeiras medidas d'un andante. Entón houbo un pequeno acougo; as cousas pol-o menos figuraban ordearse. O fidalgo tivo a pequena sadisfacción enganosa de crasificar: había tres tempos paralelos. O tempo pranetario das pedras e das estrelas, o tempo da vida, o tempo da idea. O escuro presentimento en troques de aquietalo fíxolle sentir a presenza da i-alma como si fora unha longa corda vibradoira tendida ó largo e por riba de todol-os tempos e capaz de sufrir en todos. Enrabechado esgazou as cordas do violín e da preciosa frabica sonora soilo ficaron anacos de pau aixiña consumidos no bellado do fogo. O fidalgo dend'aquela noite fuxíu de toda figuranza d'ordeación. ¿Pra qué? Quixera ser serra do Faro, ou carballizo do monte pois istes ó menos non se decataban. A estadea chegaba silandeira pol-o soute baixaba amodiño o alto muro de capias e agora o fidalgo ollaba orgaizarse en solene precisión pol-o camiño da elrexa. O fidalgo nin xiquer se de-

cataba da morte. Todo o mais un ritmo mais acelerado e o corpo deixado ó correr do tempo vexetal apodrecendo ledamente, xa crasificado e sadisfeito como as pallas e os cáns e as vacas mortas. Folgo da podremia. Sesta do adral. Risa da calaveira considerando a seguranza ausurda dos vivos. Pe-chouse o pazo e os herdeiros teimaban cambealo e pórle a galería pra mirar o paisaxe pol-os vidros de coores. A i-alma do fidalgo—ben o sabía o Sr. Brais da Millarada—chegou a privar os xogos funerarios e pueriles da estadea. En figura de néboa mañanreira, de rayola de Iwar, de cántiga de fon-

te, de vento no cume das carballas, en moitas fuxitivas aparencias sofria e gozaba da función de dirixire a orquesta do cosmos, teimaba mover mais depresa o tempo mineral, retardara o tempo biolóxico, fixar pol-o menos un instante o tempo do espírito. Era unha enerxía tendida ó largo do caos fuxitivo, feble como un fio de araña, purgando o pecado de ter sentido tráxicamente como froito de moitos anos d'aparente soedade e priguiza de propietario cobrador de foros, o misterio da fuxida do tempo.

R. OTERO PEDRAYO

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

(Continuación)

Número IV

OUTEIRO DO CASTRO

EMPRAZAMENTO.—N-un monticelo de cota baixa, situado a 500 metros cara o norleste de Guimarás, parroquia de San Mamede de Canda, concello de Piñor de Cea e provincia de Ourense.

O castro queda desviado cousa de un kilómetro da marxe esquerda da estrada de Cea a Oseira e por riba mesmo do río chamado de Oseira, de Mirela e río do Castro.

DEFENSAS.—Sinxelísimo na súa estrutura as defensas de ista acrópole redúcense a un terrapén que pol-o norte cai 20 metros deica confundirse case cas abas do monte que por aquela banda van bicar o río de Oseira, e que no resto da volta redúcense a proporcións mais modestas medindo, 15 metros no oeste, 8 no leste e 12 no sul. Consér-

vanse tamén grandes restos de un forte parapeto no sueste e vestixios mais flebes da mesma fortificación na banda do sul.

MENSURAS.—De forma ovalada mede:

Do norte ó sul	64 metros
Do leste ó oeste	54 »

OBSERVAZÓNS.—Poucas poden facerse na área cercada, que está coberta de xestas, toxos e carballizos. Pol-o leste unha escabazón feita no terrapén deixa ollar o revestimento que o protexía, feito coma de cote de cachotería posta en seco.

No suloeste o terrapén perde n-un ancho de cinco metros o pendur que ostenta no resto da volta e convírtese n-unha verdadeira rampa de acceso, que pasa pol-o meio de dous fortes abultamentos da liña do parapeto que se ergue alí 4 metros por riba do

chán do castro. Non dubidamos en afirmar que esta especial disposición da rampa e do parapeto, corresponde a unha porta da acropole, garnecida antigamente por dúas torres flanqueantes.

A 1 kilómetro, pouco mais ou menos do Outeiro do Castro i-en termos da fregresía de Borrán, alcontraronse hai pouco tempo tres canos, quizais de condución de augas, de 60 centímetros de outo e feitos de pedra e ladrillo. Anque non os poidemos ollar, coidamos moi posíbeles que tales canos sexan de época romana e pertencentes a algunha *villa* das que inmediatamente sucederon as habitacións castrexas.

FOLKLORE.—No castro viviron os mouros.

«De unha vez viñeron uns señores, ó castro c-un home xa vello de Piñor, puxéronse a lér n-un libro e a facer circo no chan. A pouco de andar n-isto deu en erguerse o vento i-en moverse as follas de un xeito tan temeroso que o home de Piñor agarrou tan grande medo que morreu a pouco do susto.»

BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Mauricio Bacarise, Isaac Forneiro, Xosé R. Oxea, X. Blanco Portugal e Florentino L. Cuevillas.)

Número V

CASTRO DE SOUTELIÑO

EMPRAZAMENTO.—No cume d'un monte de abas dondas, situado á esquerda da estrada do Carballiño ó Irixe e desviado de ela, menos de 2 kilómetros. Pertence iste monte ás fregresías de Corneda, concello de Irixe e de Xurenzás, concello de Boborás ou Brobás, os dous da provincia de Ourense. O lugar que queda mais perto é o de Souteliño (Corneda), desviado cousa de 800 metros cara o leste, e perto tamén alcóntanse os castros de Monte de Ollos e Cidá.

DEFENSAS.—Hai, en primeiro lugar, un recinto central defendido por unha cerca de 2 metros de outo no interior e que cai polo exterior n-un terraplen moi pino de 7 a 10 metros de elevazón a cuio pé corre un foso, que desaparece nas bandas sul e leste. Polo norte e oeste as obras defensivas refórzanse

con dous novos fosos que se entremeian no espacio que deixan o denantes citado e outro exterior. De istes fosos, provistos todos do seu correspondente parapeto, interumpense o mais esterno no oeste, o seguinte ó suloeste, pra formar a porta de que logo falaremos e case a carón rematan os outros dous, que corren apegados ó recinto central, facendo ó espedir mesmo un reviramento cara ó interior ó xeito de un gancho. Idéntica feitura teñen os cabos dos dous parapetos que fan no suloeste unha porta en canella que se estreita cara dentro, aparecendo cinguido o do sul, que ten unha estensión pequena, polo-



parapeto exterior que soio ven deixar unha soluzón de continuidade no lugar onde se abre a porta. De iste dispositivo como da separazón das defensas con relación ó recinto central dan idea os croquis que acompañan ista papeleta, abondando advertir agora, que agás no norte, ofrece o castro a forma típica de recinto duplo, anque con desenvolvemento moi desigual da área esterna.

MENSURAS.—Mede o recinto central:

Do norte ó sul 98 metros
Do leste ó oeste 101

As distancias entre as defensas que marcan o recinto exterior son as seguintes:

Pol-o oeste	17 metros
* sul	108 *
* leste	75 *

OBSERVAZÓNS.—Os parapetos e fosos están por complotos cobertos de terra, non ollándose pedras labradas en ningún lugar da área cercada.

As interrupcións e reviramentos dos parapetos na parte do sueste son indicación clara de unha porta de cuílas particularidades e paralelismos ocupáronos mais adiante. Perto de esta porta e mais ó sul hai un camiño moderno que vai indicado no croquis.

FOLKLORE.—«No castro de Souteliño sacan as mouras a asoellar o millo e namentras terman de il penteanse cos seus peites. Cadrou de unha vez que pasara por alí un porco que foi meter o focinho no soalleiro i-entón unha moura pra tornalo guindoulle c-un peite que se lle prendeu nas serdas.»

«Fuxiu o porco pr'a corte e cando alá chegou virón os donos que o peite que traguía engarrado era de ouro.»

(Información recollida de Santiago Bernardez Otero, de 50 anos, veciño de Guncieiro.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino López Cuevillas.)

Número VI

CASTRO DE CAMEIXA

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Boborás e fregresía de San Martiño de Cameixa. Sitúase o castro n-un monte de pouca cota, dende o que se domina o val do río Viñao ou Aviote, deica a súa confluencia co Avia. Dexérgase dende il unha ampla paisaxe ribeirra cinguido ó lonxe pol-a serra Martiñá, pico ou coto de Novelle e montes de Celanova. Mais alonxados aínda os lombos das serras de Bande, de Larouco e de S. Mamede azuleian no fondo.



DEFENSAS.—Constaban de unha área terminal ben aplainada cinguida por un parapeto, a cuio pé corría un terraplén de 10 a 30 metros de outo, que morría n-un foso.

Istas defensas están hoxe moi derramadas e soio na banda do noroeste quedan visíbeles algúns vestixios do parapeto. O foso cegado en case que toda a volta, está tapado no norte por un muro moderno e foi aproveitado no leste pr'a construción de un camiño.

MENSURAS.—De forma irregularmente circular, mede:

Do norte ó sul	139 metros
Do leste ó oeste	141 *

OBSERVAZÓNS.—Ó practicar na croa



do castro a apertura de uns buratos, pra plantazóns de aibres, o mesmo que ó facerse as obras de un camiño veciñal, descubríronse obxectos arqueolóxicos que en grande parte gárdanse na «Granxa» manífica finca, que o Sr. Espinosa, cultísimo agricultor e galeguista entusiasta, posee na fregresía de Cameixa. Nós mesmos, rexistrando a terra remexida da área terminal, atopamos testos

de cerámica lisa e decorada. Compre destacar de todo iste material dous anacos de vaso ca característica e abundosa decorazón de circos concéntricos estampados, outro con adornos riscados de liñas e triángulos e aínda outro mais con un cordón en releve. Nos restos de cerámica lisa apareceron dous fragmentos de bordes, un seguramente de



PERFÍS DA CERÁMICA LISA DO CASTRO DE CAMEIXA

un plato ou cunca, e anaquiños de unha vasixa de paredes estraordinariamente finas (véx. dibuxos).

Ó abrir o camiño veciñal a que denantes nos referimos, e que pasa ó pé mesmo do terraplén, atopáronse muiños de man e unha regular cantidade de tellas romanas.

FOLKLORE.—«No meio do socastro hai unha trabe de alquitrán que toupará en labradas no intre mesmo en que se lle toque.»

«No castro teñen aparecido moitas cousas dos mouros e tamén animaes vivos que son da súa pertenza. De unha vez un tal Callobre, que é veciño de Cameixa alcontrou unha ola enteira, mais en canto lle quixo bo-

tar man desfixose por si mesma. Os mouros viven no castro por baixo de terra.»

«Hai xa tempo que un individuo indo ó pé da Casa Grande viu a dous homes que baixaban do castro, montados n-uns machos grandes e que traían unha becerra e unha cabra. E os dos machos preguntáronlle por un camiño bóo pra que non tropezaran os animaes.

«O home anque de primeira calou mais despois amostroulles un camiño bóo, i-entón os forasteiros porfiáronlle pra que levase a cabra ou becerra.»

«Escolleu na becerra e iles mandáronlle que a levase pra casa, encargándolle moito



CERÁMICA DECORADA DO CASTRO DE CAMEIXA

que non lle tocara ata que estivera n-ela. Cando chegaron o home tocoulle e a becerra desfixose en prata.»

«Sópose despois que a cabra era de ouro.» (Referenza de un veciño de Cameixa, cuio nome non se acadou.)

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Antón Lousada, Xosé Ramón Oxea, Xosé Filgueira, Florentino López Cuevillas e Sebastián González.)

(Continuará).



AS INDUSTRIAS LÍTICAS d'A GUARDIA

NOVAS ESTAZONS

Publicamos a continuación os clichés que ilustran o intresante traballo do señor Fernández Costas cuio título encabeza estas liñas e que non poidemos dar cando apareceu o estudo. Todos eles estan reducidos $\frac{1}{4}$ do seu grandor.




Fig. 12.




Fig. 13.




Fig. 14.



Fig. 15.



Fig. 16.



Fig: 17.



Fig: 18.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

REVISTA DE CATALUNYA,
Març-abril, 1929.

SUMARI: A. Rovira i Virgili, *Siluetes de Catalans*.—Paul Farez, *El Credo del psicoanalisi*.—Pere Sanahuja, *Arnau Mir de Tost*.—A. Rubió i Lluch, *La Companyia Catalana sota el comandament de Teobald de Cepoy*.—Prudenci Bertrana, *Un teatre a perdre diners*.—Josep Carbonell, *Per una perspectiva integral de la nostra literatura*.—A. Esclàsans, *Temes literaris*.—Nótnes. — *Cròniques Catalanes: La Historia i l'Erudició*, per Ferran Soldevila. — *Les Lletres*, per Domenec Guansé. — *El Teatre*, per Prudenci Bertrana. — *L'Art*, per Joan Sacs. — *Periòdics i Revistes*.

Traí notiza de libros, como *Estudis d'Historia Jurídica Catalana* de F. Valls Taberner, *El Pont de la Mar Blava* de Nicolau d'Olwer, e dos traballos d'iste na revisión do soado *Glossarium* de Du Cange; *El Comte Arnau* de Josep Maria de Sagarra, *Breviari crític* de Manuel de Montoliu, *Carnet de ruta* de J. M. Lopez-Picó, *Entre els isards i la boira* de Millás-Raurell, *Els fruits saborosos* de Josep Carner, *Abregé de grammaire catalane* de Pompeu Fabra, *La marina catalana del vuitcents*, d'Emerencià Roig, *De París a Barcelona passant per Honolulu*, de Maria Balmes, etc.; notas de teatro catalán: *Les llagrimes d'Angelina* e *Judit* de J. M. Sagarra, *Carlets, home de molts oficis* e *Mamá política* de Pompeu Crehuet, *Pirateria* de Ambrosi Carrion, *La Bruixa blava* de Juli Vallmitjana, *La Gloria* de Mosén Ramon Garriga, *Daniel o l'optimisme* de Aveli Artis, *Els analfavets* de Rusinyol, etc.; exposicions, conferencias, movemento arqueolóxico, bibliográfico, etc. sobre arte, etc. Na seizon de periódicos e revistas fala do 30.º aniversario de *La Veu de Catalunya*, *Moment actual de la literatura catalana*, *El professor Karl Vossler*, *Impressions de Txé-*

coslovàquia, *Prosperitat, poder i política de França*, *Els diaris catalans de Barcelona*, *Intel·ligencia i caràcter*.

Estabamos hai tempo un pouco lonxe da cultura catalana, que por mais que sexa ben diferente da nosa nos seus caracteres e nos seus fitos —falamos da cultura— cecais por iso mesmo a súa coñecencia ha ser mais proveitosa pra nós, com'eixemplo metodolóxico n-us casos, e com'enseño n-outros. Ademais de que sendo a d'iles e a nosa duas culturas que se desenvolven de costas á cultura oficial, ha haber antre elas a fraternidade que xunta sempre aos que teñen intreses comú.

Por elo agardamos que dende hoxe adiante, a notabilisema *Revista de Catalunya* que dirixe o ilustre Rovira i Virgili nos teña ao corrente do desenvolvemento espiritual d'aquela terra que tanto admiramos.

EL MATÍ, Barcelona.

A prohibición que, a requerimentos do actual goberno hespañol, fixo Roma do catalán nos púlpitos de Barcelona, non tirou coraxe aos católicos catalás que a mais de católicos, e cecais aínda por selo de nacemento, saben o qu'importa unha patria e unha lingua. N-efeito, non tardou moito despois d'aquela data, en aparecer en Barcelona un gran xornal católico: *El Matí*, escrito todo do comenzo ao cabo en catalán, e ademais en catalán literario.

Coido que non é inxustiza decirmos que *El Matí* é hoxe e dende o día mesmo qu'apareceu, o millor xornal católico que se publica na Península. Compre decilo ademais, porque na Hespaña os xornais católicos gozan de mala sona, e non somentes pol-a máa vontade que se lles ten, senón porque case sempre son merecentes d'ela. Apreséntanse de cote pechados n-ise criterio qu'os da banda d'enfrente chaman trogloditeco, e os seus redactores, ispiradores e dirixentes solen

opôr a toda idea nova e a toda corrente que d'afora veña, a insociábele desconfianza da incultura. Ademais, e n-isto si que se non poden facer excepcións, porque non-as hai, misturan sempre o catolicismo con intreses de clás, con tendencias politecas de cote autoritarias e ultraconservadoras e con outras flebezas humanas, ás que temos que apor o seu pouco creto.

Nada d'esto atopamos n-*El Matí*. Non é que deixe de sustentar o criterio estritamente católico nos probremas filosóficos e socias; mais en todo caso, a outura de pensamento, a ampla e comprensiva toleranza, a imparcialidade da informazón, a fonda e varia cultura sempre ao día, o fino gosto artístico, a ben orientada modernidade, son as suas características, as quales atiran dend'o comenzo a curiosidade e a simpatía.

E logo, así coma os mais dos xornais católicos de Galiza semellan ignorar o labor d'erguemento da nosa cultura, no que poñen o seu esforzo tantos católicos militantes, en *El Matí* pol-a contra, atopamos de cote a propaganda e a defensa dos valores espirituais de Cataluña e da cultura catalana.

Antr'as firmas ilustres que enchen as illas d'*El Matí*, lembramos as de Carles Cardo, J. M. Junoy, J. M. Capdevila, P. Miguel d'Esplugues, etc.

Deus lle dea longa vida, e que nos siga visitando moitos anos.

REVISTA DE LAS ESPAÑAS, Maio, 1929.

A *Unión Ibero-Americana* de Madrid publica hai tempo esta revista ecléctica, cuos redactores son D. José Antonio de Sangroniz, D. Andrés Pando e D. Lorenzo Luzuriaga, e que fai a politeca cultural de aquela asociación. Ven colaborada por ben soadas firmas hespañolas e ibero-americanas, predominando as hespañolas. É unha revista que, anque desigual coma non pode por menos de sere, tendo en conta a sua amplitude, ten un ton geral d'outura. O sumario d'iste número dá idea suficiente da disposición e orientación da revista. Velo eiquí:

La Exposición de Sevilla y la «Unión Iberoamericana».—*Inauguración de la Expo-*

sición Iberoamericana de Sevilla.—*Inauguración de la Exposición de Barcelona*.—*Aspectos de literatura portuguesa* (Conferencia por Cámara Reys).—*Filosofía y filósofos españoles (1900-1928)* por Venancio D. Carro, O. P.—*Méjico y la tradición liberal*, por Manuel Mielgo.—*Crónica de Arte*, por Manuel Abril.—*Revista literaria ibérica*, por E. Giménez Caballero.—*Revista literaria americana*, por Benjamín Jarnés.—*Índice de Revistas*, por Miguel Pérez Ferrero.—*Información política y social española e hispanoamericana*.—*Información cultural española e hispanoamericana*.—*Información económica española e hispanoamericana*.—*Unión Iberoamericana (vida social)*.

LA CRUZ DEL SUR, Montevideo, n.º 23.

SUMARIO: *Barradas*, por Gervasio Guillot Muñoz.—*Adiós a Barradas*, por Guillermo de Torre.—*Barradas en nuestro recuerdo*, por Montiel Ballesteros.—*Barradas*, por Emilio Frugoni.—*Tres poetas chilenos*, poesías de Rosamel del Valle, H. Díaz Casanueva y Gerardo Seguel.—*Un nuevo libro de Mariategui*, por Jaime Morenza.—*Nocturno americano*, poesía de Francisco Espinola (hijo).—*Aitardecir*, poesía de Mario Menéndez.—*Los clásicos de América y la expresión propia continental*, por José G. Antuña.—*Tres canciones*, poesía de J. Pereda Valdés.—*Violación de correspondencia*, por Alcibiades.—*Como un puñado de agua*, poesía de María Elena Muñoz.—*Dos poetas alemanes contemporáneos*, por Franz Rauhut.—*Gusanos*, poesía de María C. Izcu de Muñoz.—*Un descubrimiento chileno: la nueva educación es un delito*, por Sebastián Morey Otero.—*Variete*, por Enrique E. Potrie.—*Nuestros artistas jóvenes: Pablo Barbieri*, por G. R.—*Esquema de un siglo de estética*, por Eugenio Petit Muñoz.—*Bibliográficas*, por Alberto Lasplaces.—*Dos nuevos libros de la «Editorial La Cruz del Sur»*.—*Notas y comentarios*.—*Parte gráfica: Caratula*, por Ricardo Aguerre.—*Autorretrato*, por Rafael Barradas.—*Juan Carlos Mariategui*, por Castagno.—*Cardosa y Aragon*, por Merida.—*Maternidad, La Pecedora y Busto de indi*, por Pablo Barbieri.

Xa collecíamos esta revista moderna e boa que n-outro nos ten visitado. Non diremos qu'a modernidade sone millor na América que na Europa, porque non é certo, e ao fin, a modernidade que todos entendemos cando esta verba se di, europea é. Diremos que a modernidade american, com'outra calquera, sona millor e é mais modernidade, cando é *nativista*, como din alá, que cando é importada e pol-o tanto, repetida. *La Cruz del Sur* está ben porque repite pouco; leéndoa, estáse na América.

BROTÉRIA, Julho, 1929.

SUMARIO: *Ensaio sobre a cartografia do século XVI*, por Emilio Salgueiro.—*A indústria do rádio*, por A. Pio Leite.—*No XIV Centenario da Ordem Benedictina*, por don Crisóstomo de Aguiar, O. S. B.—*Pelo mundo das letras*, por Paulo Durão Alves.—*Cronica do Movimento Religioso*, por J. S. Tavares.—*Revista de Revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recebidas na Redacção*.—*Efemérides*.

Agosto, 1929.

SUMARIO: *Os Beatos La Colombiere e don Bosco*, por Paulo Durão Alves.—*O P. Luis Frois S. J. e a sua «Historia do Japão»*, por G. Schurhamer.—por A. Pio Leite.—*Preconceitos contra as Ordens religiosas em Portugal. Meios de os combater*, por Domingos M. G. dos Santos.—*Revista de Revistas. Notas bibliográficas*.—*Obras recebidas na Redacção*.—*Efemérides*.

PORTVCALE, Maio-Junho, 1929.

SUMARIO: *Duas novas variantes do romance «A Silvaninha»*, por J. J. Nunes.—*Para a compreensão do genio*, por Agostinho de Campos.—*Toques as almas*, por Ferreira Soares.—*Páginas etnográficas: Origens e transformações das trovas*, por Luis Chaves.—*O gravador de medalhas Francisco de Borja Ereire*, por Ernesto Soares.—*Alguns processos para dividir um angulo em partes iguais, com a aproximação que se quizer, só com o auxilio da régua*

e do compasso, por Antonio Ribeiro Vital.—*Varia: Claudio Farrere*, por Ferreira Soares.—*Estranjeirismos*, por Claudio Basto.—*A Matemática no actual ensino secundario*, por Augusto Martins.—*Etnografia do Minho*, por F. Alves Pereira e J. L. Lourenço Loução.—*Bibliografia*, por P. V. e C. B.—*Novidades*.—*Res & Verba*.

NACÃO PORTUGUESA, Serie V, tomo II, fasc. 12.

SUMARIO: Rev.^a P. Valerio Cordeiro, *A memoria de Antonio Sardinha—O elogio fúnebre de Antonio Sardinha*.—Luis Chaves, *Paginas folclóricas, A sinfonia das cores ou o arco-iris da gama popular*.—Fernando Amado, *Nacionalismo português*.—Agnes Cunha Markl, *Causas que determinaram os descobrimentos marítimos dos portugueses no século XV*.—*Na Feira das Letras*.

Serie VI, tomo I, fasc. I.

SUMARIO: *A memoria de Antonio Sardinha—Antonio Sardinha*, Roberto Ricardo.—*Nova Renascença?* Antonio de Silva Rego.—*Terras de Portugal nas estancias dos Lusíadas*, Luis Chaves.—*Grandeza e decadencia dos Gremios Profissionais*, Cesar d'Oliveira.—*Henri Cheón*, Marcelo Caetano.—*Formação social da nacionalidade portuguesa*, Antonio Serras Pereira.—*Idealismo e Realismo*, Prof. Dr. Cabral de Moncada.—*Das ideias, das almas e dos factos*.

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, 1.º Agosto, 1929.

SUMARIO: *Notas arqueológicas: Un cuchillo de sílex; una nueva espada de antenas; Un cinturón de bronce post-hallstático; dos inscripciones del siglo X (con grabados)* por Angel del Castillo.—*Sección oficial: Junta ordinaria de 12 de Mayo de 1929; Certámen gallego-americano de Montevideo: Veredicto del Jurado; Una patriótica idea: Tierra gallega para un panteón en Buenos Aires*, por Eladio Rodri-

guez González.—*Una semana Gallega en Barcelona*.—*Colección de documentos históricos*.

ARAZUA, Boletín de la Asociación protectora de la Cultura Gallega, Montevideo, Julio, 1929.

Os iniciadores da Asociación protectora da Cultura Galega, da que xa s'empiezan a recoller os beneficiosos efectos, publica iste boletín, cuio nome é a verba céltica *Aragua*, sinificativa de *tumulto espiritual*, coma característica da nosa renovazón e esperimentamento. Proponse a divulgazón dos nosos valores en Sudamérica, sobre todo na nosa colonia cuas simpatías pra o noso movemento quer recadar e ter ao corrente aos d'alá do qu'eiquí se fai, así coma recoller a aitividade espiritual dos d'alá, principalmente no senso d'orientazón.

Iste número traí a reprodución d'unha escultura de Bonome, e traballos orientadores de Miguel Barros Castro, Julio Sigüenza, R. Blanco Torres, C. Sánchez Mosquera, cartas do Seminario d'Estudios galegos, etc.

NÓS non pode por menos de se sentir identificado co-esta publicazón cuio ideario fundamental é o noso e á que saúda c'un saúdo d'irmandade.

GACETA DE GALICIA, Vigo.

RECIBIMOS-OS dous primeiros números d'esta revista xeral bilingüe, literaria, informativa, ecléctica e non inteiramente magazine así e todo, elegantemente presentada, con moita parte gráfica, dirixida por Eugenio de Olano, con Antonio Acebedo de redactor chefe, e na que atopamos aos nosos amigos Otero Pedrayo, Cuevillas, Villar Ponte, Fernández Mazas, Alvaro e Augusto de las Casas, Eugenio Montes, R. Blanco Torres, etc.

EL EBRO, Barcelona, núm. 147.

SUMARIO: *Nuestra juventud*, por Juan del Cinca.—*Crónica cultural*, por A.—*Lo típico*, por M. García Villas.—*Por tierras de Aragón*, por Almogávar.—*El archivo*

fotográfico Mora Insa, por J. Soldevila Faro.—*El alma de Aragón*, por Paulino Masip.—*Por la verdad y por Aragón*, por Un fronterizo.—*Costa y sus amigos*, por José Zuraya Cambra.—*El pico del Aguila*, por Almogávar.—*Cartas literarias*, por Querubín de Larrea.—*Del pasado de Aragón*.—*Tamaritana*, por Pablo Cuevas Fleta.—*Versos de Juanico el gaitero*.

O INSTITUTO, 4.ª Serie, volume 6.º, núm. 5.

SUMARIO: *Alergia tuberculosa, cuti-reacção e valor profilático desta*, por Manuel Joaquim Costa.—*Uma descrição quinhentista do mosteiro de Alcobaça*, por Vergílio Correia.—*Raízes da alma latina*, por Estanço Louro.—*O cosmógrafo Fernam Vaz Dourado, fronteiro da Índia e a sua obra*, por Monsenhor Gustavo Couto.—*Arquivo da confraria de Santo Eloi de Porto—Subsídios para a história da ourivesaria em Portugal*, por Laurindo Costa.—*Subsídios para a história da musica em Portugal*, por Sousa Viterbo.—*Boletim do Instituto—Bibliografia—Varia—Livros recebidos*.

SEARA NOVA, núms. 170 e 171.

O Sr. Antonio Sergio continúa a polémica con Dr. o Cabral de Moncada. Sigue a *Evolução Espiritual de Antero*, de Joaquim de Carvalho. J. O. transcribe do español un trecho d'unha tradución de Max Scheler, o filósofo de moda, pol-o menos en Hespaña... Notas de *Literatura brasileira*, de José Osorio de Oliveira, *A Ilha verde e vermelha de Timor*, de Alberto Osorio de Castro, etc.

TAULA, número 22.

SUMARI: *Art popular*, F. Caballero.—*Asteriscos poblatans i ciutadans*, Carles Salvador.—*Puntuacions*, Thous Llorens.—*La dama d'Elx*.—*En torn a un llibre*, Juli Just Gimeno.—*Parlant amb Giménez Caballero*, El Velluter.—*Sobre un músic valencià antic*, R.—*Poemes*, Enric Durán.—*Notes—Bibliografia*.

Imprenta NÓS, Real, 36-1.ª A CRUÑA

Xa está á venda

Arquivos II

do Seminario d'Estudos Galegos

300 páxinas ❧ 100 fotografados ❧ 3 pesetas

Pedidos a «Nós», Real 36-1.º - A Cruña

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estableci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

CIRUJANO

y

D. Antonio M. de la Riva

GINECÓLOGO

Establecemento dotadô de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San. Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa apareceu

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELAO.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o "Jabón Sales de la Toja", único que ás súas altas calidades meicifás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peñador

Véndese en total-as
 Boticas, Droguerías
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurants e
 vagós-camas de
 todol-os três

As mais indicadas en casos
 de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
 obesidades diversas, doenzas do
 aparello dixestivo, anemia
 e neurastenia

Riquisma auga de mesa
 gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
 a 35 kilómetros de Vigo